

nha máis

Non hai moitos días chegaron a Galicia dous músicos evadidos de España e fixeron declaracións interesantes.

Din que na nosa Terra as xentes están sometidas polo terror; pero que o pobo amosa unha resistencia activa que os militares facciosos non son capaces de vencer. Aseguran que Galiza non é un pobo afecto ao feixismo e que os mesmos homes de dereita están abraiados de medo e desaproban a conducta criminal dos falanxistas. Contan que eles mesmos se salvaron da morte pola protección de xentes calificadas pola súa adhesión ao vello réxime.

Pero estes dous evadidos din que Asturias está sendo a sepultura da mocidade galega. I entón un periodista fixo das declaracións dos dous músicos madrileños unha frase que correu pola prensa antifeixista: *«Así como Madrid es la tumba del fascismo internacional, así Asturias es la tumba del fascismo gallego.»*

Esta frase desventurada cicais non se dita con intención de ferirnos, nin podemos supoñer que os xornales a recollen por tratarse dun dito acertado e feliz; mais é o certo que para moitos hespaníes Galiza é, simplemente, un país lonxano onde mandan os militares facciosos. Confúndese o sometimento forzoso co acatamento voluntario, e velahí como a nosa Terra ten no sentir das xentes inxeles o mesmo creto que a Navarra reaccionaria ou calisquera outra rexión entregada ás ledicias obrigatorias, pero non gratuítas, do feixismo internacional.

Non. A nosa Terra dou moito sangue á causa da Liberdade para que se poida duvidar dos seus sentimentos liberais. Os nosos mortos teñen significación dun plebiscito trágico que ningunha outra terra superou. Os nosos héroes, tanto na terra como no mar, tampouco son superados nesta guerra de valentes. ¿Porqué, pois, se pode estampar en letras de molde unha lixíreza? ¿Cómo é posible que a nosa Terra, ennoblecida polo martirio, non inspire aínda o respecto a todos?

Non. Non se pode falar do feixismo galego. O feixismo orgaizado en Galiza non era dino de merecer a nosa preocupación. Reduciase a unha pequena grea de «señoritos» bailaríns de casino, incapaces de ouvir un tiro sen derrubarse de medo. ¿Porqué, pois, Galiza non é un país victorioso? Por causas que agora compre non analizar: unha política trabucada e suicida, unha falla absoluta de armas, a carencia de grandes núcleos obreiristas, a falla dunha autoridade república que representase a unidade de Galiza para orgaizar a defensa do pobo contra os militares abaleados, etc., etc. Pero na nosa Terra loitouse deica non poder máis. E algún día se saberá de miúdo a que grado de heroísmo chegaron os homes do Ferrol, A Cruña e Vigo.

¿Pode acaso calificarse de feixista ao pobo de Zaragoza «confederal» e Sevilla «la roja» polo feito de que alí non manda o Goberno lexítimo da República?

Que non se lle dean voltas. Esta guerra iníciouse entre militares traidores e o pobo leal. Os feixistas paisanos apareceron despois e tocoulles a tarefa de asesinar xentes indefensas nos pobos sometidos pola forza.

Non será aventurado dicir que Madrid estaba inzado de auténticos e verdadeiros feixistas; en maior proporción que en calisquera outra cidade hespaníola; pero alí os anti-feixistas eran dabondo numerosos; estaban dabondo armados para vencer aos militares. Madrid pudo vencer aos militares e o «feixismo» madrileño ensumeuse nas alcantarillas. ¿Estaría ben que hoxe se falase do «feixismo» madrileño diante das xestas heroicas de Madrid, que están causando o asombro do mundo enteiro?

Pois menos se pode falar do «feixismo galego» cando en Galiza o feixismo endexamáis tivo a categoría de forza. E menos se pode creer que existía agora, porque o pobo non pode abrazar a causa que defenden os seus asesinos.

C.

Xuntar a voz dos galegos antifeixistas que traballamos pol-a liberdade na Hespania xa redimida, coa dos nosos hirmáns de fala e de nacencia que vivindo en América non foron aínda trabucados pol-a distancia e pol-o influxo dos que minten en grande escala; dicir con eles a verdade e defender a dignidade: velahí, en poucas verbas, as miras cónque nace este pequeno Boletín.

DA GALIZA MARTIR

por Castela



NON TARDARÁN EN SER VENGADOS

Galiza baixo o feixismo

Os tempos dos foros irredentos e dos tributos impostos segun o seu capricho pol-os vellos caciques, semellan hoxe tempos liberais en comparanza co espolio que fan os mandadeiros do caciquismo armado sobre os bens do labrador.

Os facciosos mercan gando, para eles e para cobriren deudas, con valores que non valen nada. Xa o saben os labregos. E denantes de se quedaren sen bois e sen cartos, véndenos por catro cartos. Así, un dos fundamentos da economía de Galiza estase esmorecendo.

Os facciosos impoñen multas arbitrarias, fan colectas que chaman voluntarias, inventan novos impostos que veñen a pesar sobre as costas dos probes, e fan loitar, aos mozos contra a súa ventade. Tributo de cartos e tributo de sangue: todo pol-os cartos.

Todos los froitos da terra son apañados pola piratería feixista. Todo pol-a «patria».

Os labradores perden azos para traballaren.

Moitos hay xa que non sementan. Néganse uns porque a tristura dos aldraxes tenos entalecidos e non hay xa fusta que os mova. O mesmo é para eles morrer que traballar para porcos monteses.

Néganse outros porque non queren criar bens que, nas mans dos feixistas, se viren contra a liberdade.

O campo vai ficando inculto, as casas cheas de loito e de xenreira. Mais a xenreira ha de estalar e de entolecer de ledicia cando chegue a nosa terra a semente que alí se agarda: as armas da liberdade.

Tenden as redes o mariñeiros, pero non queren fartura, e xa son moitos os que guindan ao mar o peixe que en chegando a terra, había de se trocar en sangue feixista ou rifeña. Os de altura, mentras poideron fuxían do inferno faccioso nas motoras. Pero os urcos do Fascio xa saben ventar onde hai homes que matinan fuxir, e hoxe escatiman o carbón, non cedendo as motoras mais que o preciso para cada viaxe.

Os obreiros ven desfeita a súa libre solidariedade. En troques son obrigados a se reorganizaren xuntándose en rebaños «amarelos» baixo a férula dos seus explotadores.

Baixan os salarios — pol-a «patria» — fanse grandes descontos no xornal do traballador — pol-a «patria».

Aumentase a xornada de traballo e faise do traballo unha calamidade obrigatoria — todo pol-a patria dos folgazáns.

Aínda cós cadros de traballo obrigatorio e coas levas de mozos para o exército, sobran homes... O paro

medra e desemboca na mendicidade, para que as vellas beatas e as mulleres dos feixistas poidan ir ao ceo por un ichavo.

Tampouco e negocio o feixismo para os pequenos comerciantes. Non teñen quen lles merque. E xa escómanzan a non ter que vender.

Desmaia cada día aquel trafego de feiras e mercados nos que se trocaban os froitos da terra e os produtos da grande e da pequena industria.

Pero todo vai ben, según din os xornales «patrióticos». Os alemáns, mais tesos que nas caricaturas, pisan terra galega con arroallo de colonizadores. Os mouros gardan o orden. E así os feixistas poden roubar en paz, asesinar en paz e mirar de reollo a quen sospeitan que ten dinidade e dous dedos de fronte. E cando xa se entusiasman cun orden tan perfecto, decátanse do orixen do que chaman desorden e bertran: «Abajo la Inteligencia».

Galegos: un orangután con sable e corneta, que non se sabe de onde fuxeu, quer asoballar para sempre a Galiza. Bota cóbreas pol-a boca e cheiralle o rabo a chamusco, mais leva un Cristo na man, mistura rezo con alrotos e arregaña os dentes como nunca os regañou o demo.



Novas da nosa terra

Antes da sublevación militar había pol-o visto en Galiza moitos asesinos que agardaban un intre de irresponsabilidade para cometer o primeiro crime. E nós non-o sabiamos. Tamén pol-o visto había escritores que agardaban un intre de irresponsabilidade para publicar o seu primeiro traballo. Velahí como un tal Santos saíu do anónimo e publica no *Correo de Galicia*, de Bos-Aires, un artigo que val a pena de reproducir en parte, con acotacións nosas para aclarar conceptos. E dicir, que antre o Sr. Santos e nós imos descubrir o «paraíso fascista» que gozan os galegos sometidos.

«¡Galicia se dió toda!» (douse pol-a forza). «Olvidándose de sus propias amarguras, de sus íntimas necesidades regionales... se entrega.» (Entre-gouse despois de loitar e de seren sacrificados os mellores fillos de Galiza.)

«La juventud fuerte, noble y generosa... allá fué toda... Las madres, las novias y las hermanas ocultaron sus lágrimas, pusieron sordina a su dolor, y fueron para los que partían... la mejor inspiración y el más preciado estímulo.» (Si; o mellor estímulo para fuxir do bando feixista e refuxiarse no campo leal. As nais, as mozas e as irmáns nin tansiquera poden chorar, porque si o fixeran serían asesinadas pol-os asesinos da retaguarda «nacionalista».)

«El dinero, todo el dinero de Galicia, salió de los Bancos y los escondrijos. Reunido con sudores, fatigas y amarguras infinitas, moneda a moneda, fué todo junto, sin vacilación ni restricciones, a engrosar los fondos... (do Goberno de Burgos); pero el dinero de los hombres no bastaba a tan costoso empeño, y las mujeres no fueron tampoco esta vez cortas ni remisas; el oro y la pedrería que aureolaban su belleza, los anillos que eran para ellas símbolo de amor y preciado y dulce yugo, fueron... entregados, humedecidos con lágrimas de dolor... y de congoja... Dió su sangre, dió su dinero y aportó... las preseas de sus mujeres, desde el modesto anillo nupcial, símbolo de santa y dulce coyunda, hasta la alhaja rica, noble y señorial, distintivo de razas selectas, depuradas por los siglos.» (¡Ai, cómo estarán por dentro os ricos da nosa terra!... Sería cousa de velos chorar na cama, onde non poden velos os falanxistas! ¡Ai, cómo se van a poñer as «señoritas» de Galiza en canto sepan que as mulleres «rojas» non entregaron os anelos nupciais nin os recordos de familia, anque sexan de ouro! Xa se vé, xa se vé, como choraron ao entregar todo canto tiñan. A maor pena que nos dan é porque xa non poderán endexamáis mercar outras.)

«Galicia... abrió sus corrales, volcó sus despensas y vació sus graneros... esos mismos valles se vieron luego congestionados por la inmensa caravana de arvitallamiento, tan grande y continuada, que del frente hubieron de decir: ¡Basta!... sin salir de su asombro... pasmados por la magnitud de la dádiva.» (Non é dádiva voluntaria; é dádiva forzosa. ¡Probes labregos! Isto doinos bastante máis que o diñeiro dos Bancos e as alfaias das «señoritas». Con todo, é ben seguro que os nosos labregos repoiñarán as súas facendas; mais no entanto pasan fame e door por culpa dos que sempre causaron a súa miseria.)

«La sangre generosa de sus hijos (os fillos de Galiza) riega hoy todas las rutas de España. (Certísimo.) En todos los hogares gallegos hay luto y dolor infinitos por la partida de los hombres que eran su amor, su guía y sostén, y cuyos cuerpos, que el bello morir aureola, se han quedado allá, por las rutas de España, a modo de jaloneos en el camino.» (¡Pois si, que debe ser un «paraíso» a nosa terra! Leváronlle o diñeiro dos Bancos, leváronlle os aforros da xente modesta, leváronlle o ouro, leváronlle o gando, valdeiraron os hórreos, levaron a mocidade aos matadeiros. E non deixaron en Galiza máis que loito e bágoas en todol-os fogares.)

ENVÍO AO SR. LENCE, DIRECTOR E PROPIETARIO DE «CORREO DE GALICIA»

Apreciable coterráneo: Agradécemolle moito que siga publicando artigos tan luminosos como o do Sr. Santos, porque así decatámonos da «eficacia» obrigatoria que gozan os nosos irmáns en Galiza.

Verbas de don Bernardino Machado

Vimos de recibir un luminoso manifesto que o Dr. Bernardino Machado dirixe á Nación portuguesa, dende o desterro. A preocupación patriótica do ex-Presidente da República portuguesa está de bulto no título que encabeza o seu manifesto: «Pela independencia e pela integridade de Portugal.»

O noso ilustre amigo protesta da «barbarie de camarello ditatorial» que aferrollou ao pobo portugués como se fose un «delincente nato incorrigible, incapaz de se gobernar por si, significando-se.»

Aquel liberalismo que comezou sendo pecado e levaba camiño de converterse en delito, aparece nido e puro, como unha estrela, nas verbas acesas do Dr. Machado. Parece unha idea nova e chea de posibilidades, capaz aínda de despertar unha nova fé nos peitos da mocidade.

O Dr. Machado encárase co dictador Oliveira Salazar — «un auténtico sobrevivente dos catedráticos reaccionarios de Coimbra» — e chanta este desafío que todol-os que coñecemos a Portugal podíamos suscribir: «Por mais que, invertindo-se em supremo titular da guerra — sobre a roupeta a farda — apregõe, em frase impia, de entono bélico, que «os exercicios militares vão ser, d'ora-avante, o pão nosso de cada dia», o seu livido medo ao valor indómito de nosso povo é tamanho que se não atreverá jamais a mobiliza-lo em grandes massas, dando-lhe armas de combate para as mãos. A sua monstruosa megalomania despedaçar-se-ia fatalmente ao choque irresistível da onda vindicadora dos foros nacionais.»

Estuda os perigos que, da actuación xesuítica do Oliveira, se derivan para o histórico dominio ultramarino de Portugal. «A ditadura faz a guerra á Nação, ateia-a em Hespanha e provoca-a internacionalmente. A maldição do mundo cairá sobre ela, e sobre nós, se não a derruirmos dum golpe.» Denuncia o xogo ilícito de manter a alianza antiga e tradicional con Inglaterra e ao mesmo tempo soste unha nova e ardente con Alemaña e Italia, en perxuro da verdadeira alianza — feita cando Portugal se gobernaba pol-os dictámenes do dereito — pois ao trocarse en simple alianza de intereses terá de pagarse excesivamente cara.

Hai no manifesto do Dr. Bernardino Machado un treito que queremos dar a coñecer, porque coincide no fondo co que os dous deputados galeguistas dirixiron a Oliveira. Velaí:

«Impotente, a reacção ditatorial sonha, desde os seus inicios, com a união das duas reacções, portuguesa e espanhola, a pior união ibérica, como, para eterna execração, o atestam as paginas tarjadas de negro dos anais das nossas mais pungentes calamidades. E' o seu constante anseio. Teve já esse intento o general Carmona na visita ao general Primo de Rivera, assim como o ministro dos Negocios estrangeiros, Armando Monteiro, na que fez ao governo Lerroux-Gil Robles. E, com o mesmo intuito de mendigar socorro à autocracia espanhola, o fatídico presidente do ministerio, perante a luta interna que dilacera a nação vizinha — em vez de proceder com o mais isento interesse pela sua pacificação, não faltando ao cumprimento de nenhuma das nossas obrigações fraternas de nação para nação — na posse das três pastas, das Finanças, da Guerra e dos Negocios estrangeiros, para decidir por si só, em pleno arbitrio lançou-se encarniçadamente na liga, possessão ditador, em prol dos rebeldes contra o governo legitimo, sem consultar o voto da opinião publica, em obediencia só ao seu rancor sectario, fazendo despejadamente gala do mais vil servilismo, até descer à objecção, sem nome, de entregar à vindicta dos adversarios os refugiados governamentais, confiantes na nossa cordial hospitalidade. Toda esta infamia, na obcecada esperanza de que, em troca, violando, a seu turno, a soberania portuguesa, a facção subversiva, já senhora do poder, venha, com a sua força armada, auxiliá-lo na repressão sangrenta do tenaz desforço da nossa imperecível hombridade. Quem ignora que ainda modernamente, em horas atribuladas para nós, se esboçaram em Espanha tentativas militaristas de inveteradas veleidades conquistadoras? A união da reacção que hoje governa em Portugal com a que pretende gobernar amanhã em Espanha é a ameaça do ressurgimento

AOS PATRIOTAS IRLANDESES

MANIFESTO DOS DIPUTADOS GALEGUISTAS

VERBAS LIMIARES

Queremos que chegue a vós a queixa doorida dos fillos de Breogán, patrián do noso fogar e cicais proxenitor da vosa nacionalidade. ¿Non lembrades aos primeiros celtas que desembarcaron na vosa illa? Pois aqueles eran os fillos máis arriscados de Breogán.

Nós somos daquel pobo que foi seguindo a marcha do sol e ficou no fisterre hispánico, detido pol-o «mar tenebroso», fronte á inmensidade e o infinito, para crear unha nación e soñar con mundos non descubertos. Nós somos daquel pobo do cabo da terra, que domeñou a bravura das augas salgadas para chegar a Irlanda e fundar alí unha nova patria que fose acorro inespunible das esencias da raza. Nós somos daquel pobo místico que deixou no ceo un camiño de estrelas en memoria da súa comunicación cos demais pobos da Cristiandade, porque nos viveiros que conducían a Sant-Iago de Compostela naceu a grande arte da Europa, pol-a semente que Irlanda depositou nos sulcos labrados por Galiza.

AS NOSAS ASPIRACIÓNS

Con estes títulos podemos chamavros irmáns e como irmáns queremos que escoitedes as nosas queixas.

Somos nacionalistas galegos e loitamos pol-a liberdade da nosa patria asoballada. Galiza ten total-as características dunha nacionalidade, e assistíndonos o dereito a eisixir unha total independencia, non quixemos tronzar os vencillos políticos que dende fai séculos xungen a nosa terra ao resto da Hespania, e limitámonos a reclamar garantías legais para o desenrolo natural da nosa cultura. Os nacionalistas galegos loitábam, pois, contra un sistema — o sistema unitario e centralista que importaron as dinastías estranxeiras dos Austrias e Borbóns — e arelábam, simplemente, un troque de réxime capaz de devolver Hespania ao seu ser tradicional. Os nacionalistas galegos queríamos seguir sendo hespañoles e considerábam, o separatismo como un movemento de desesperación que somentes abrazaríamos no caso de que a República non abolise os procedimentos asimilistas da monarquía. Esta actitude valeunos por parte dos monárquicos o alcuño de separatistas que nós aceptamos porque en realidade queríamos vivir arredados da súa falsa concepción da patria.

Galiza con Catalunya i Euzkadi — as tres nacionalidades asoballadas — aspiraban a unha estrutura federativa do Estado que os partidos republicáns propuñaban nos seus programas. Os programas non se compliron ao derrubarse a monarquía, porque aínda pesaban os tópicos da falsa historia de España; pero as Cortes constituíntes da República déronnos a posibilidade de conquistar unha autonomía político-administrativa a condición de que a maioría dos Concellos propuxeran un Estatuto e logo fose aprobado en plebiscito popular pol-os dous tercios do corpo electoral. Os deputados nacionalistas de Catalunya, Euzkadi e Galiza, dispois de loitar no Parlamento contra os partidarios do vello sistema, aprobamos a Constitución, e os nosos partidos mantivéronse fideles á nova Lei fundamental do Estado.

Catalunya logrou a súa autonomía en canto se promulgou a Constitución. O Estatuto autonómico de Euzkadi foi aprobado pol-las Cortes actuais. O Estatuto de Galiza presentouse ás Cortes o día 15 de xullo, tres días antes de estalar a guerra civil, dispois de complir co máis riguroso escruplo as condicións que a Constitución eisixe. Das tres nacionalidades somentes Galiza fica sen liberdades e desta vez martirizada per uns verdugos ao servizo do imperialismo estranxeiro.

Velahi un dos motivos que os militares hespañoles esgrimen para xustificar o seu crime.

MOTIVOS DA SUBLEVACIÓN

Aparte do «motivo patriótico» esgrimen outros dous, igoalmente inxustificables: o motivo económico e o relixioso.

da unión ibérica, novamente baluarte occidental da guerra ás heresias da civilización. Os rebeldes espanhois entoam em côro hossanas ao Cristo-rei, e, aínda há pouco, em Coimbra, foi arreada do alto da torre de Universidade a bandeira nacional para se içar festivamente a da Igreja teocrática, em homenagem ao Cardenal patriarca, delegado a latere do Supremo Pontífice, com honras de chefe de Estado. Já o general Franco prometeu um imperio aos seus sequazes. E a radio diz-nos que no arraial de Burgos se toca o hino português em preito à suzerania espanhola. Servir os inimigos da nova Espanha livre é servir os inimigos seculares do Portugal restaurado.

A ditadura, para encobrir o perigo do iberismo clerical, que nos faz correr, levantou alarmantemente o pendão da guerra contra o iberismo comunista, que se propõe conjurar. Mas ninguém se deixará embair pelo seu disfarce teatral. Ataca o comunismo para atacar a liberdade e a democracia. Proclamemos bem alto,

antes de mais nada, repelindo a virulenta expressão da beata diplomacia ditatorial, que nunca a democracia portuguesa sofreu o contagio da democracia espanhola. Decerto assistimos, comovidos, neste seu tormentoso transe, aos rasgos formidáveis com que ela revendica, até aos maiores heroísmos, as prerogativas do direito contra os nefastos privilégios. Exultamos ferrovorosamente com os seus triunfos. E todos sabem que, à medida que as duas nações se fôram democratizando, as suas boas relações se estreitaram cada vez mais. Somos deveras gratos aos sentimentos cavaleirescos com que os egregios animadores da grandiosa revolução, educativa e política, da mentalidade espanhola saudaram os progressos da nossa nacionalidade. Reatribuimos afecto com afecto. Há entre nós uma íntima confraternização. Mas foi com as virtudes atávicas do nosso inarraigável patriotismo, que, na mais timbrosa independencia, implantámos entre nós as novas instituições livres.»

A Patria dos chamados nacionalistas hespañoles é unha a tracción momificada que se recibiu da veciña Franza, e coa concepción do Estado reduciron Hespania á triste condición de tencia sin peso ningún na política internacional. Aferrados ao pcedimento das violenzas asimilistas dispoñíanse a perder Catalunya, Euzkadi e Galiza como perderon Portugal; en troques a nosa concepción do Estado afincábanse nas realidades hespañolas, nas esperencias hestóricas e nas posibilidades dunha política nova, xida pol-las máis nidias normas da Democracia popular: réx de Concello aberto na parroquia rural, plebiscito, iniciativa, rendum e recall, para que o pobo interviñese directamente na rección da vida pública. Arelábam, que Portugal volveuse a voluntariamente para formar a Confederación ibérica, e pol-o t to soñábam, cunha Hespania meirande.

Os intreses económicos que defenden os enemigos do pobo a dúcese a unha cobiza desmedida, a uns privilexos anacrónicos d crase, a un desexo de vivir sen traballos nen cavilacións. Culmino o seu arrebatado coa chamada Lei de Reforma Agraria, que era cristianísima e respetuosa para os pequenos propietarios i en xen para a propiedade que comprise a súa misión social. Galiza, pa de pequenos propietarios campesiños e de mariñeiros que traballan aínda en comunidade, concretou no Estatuto, que se ía implantar cando xurdeu a traición militarista, un conxunto de normas xurídicas protectoras da pequena propiedade, considerada como instrumento de traballo; e os partidos integrantes do Frente Popular — sen escepción algunha — apoiaron esas normas en atención á peculiar morfología social i económica de Galiza. Os facciosos cando falan da propiedade que eles din protexer, non se refiren a esta propiedade; refírense á propiedade dos grandes terratenentes semif feudales, escravizadores e fameadores dunha inxente moitedume campesiña en Extremadura, Andalucía e nas Castelas. Esa propiedade contraria a toda idea de xusticia social, contraria á paz civil das sociedades humanas e contraria aos máis enxebres principios da moral cristián, é a que defenden as forzas do traidor Franco. Pasade os ollos pol-a Constitución da República hespañola — causa do erguemento criminal — e ollaredes que obedece a un criterio aínda burgués dos republicáns que para persistir necesitaba o concurso dunha xusticia social inspirada no cristianismo.

A Eirexa católica en Hespania quería ser dona do Estado e pouco a pouco foise trocando en nemiga do pobo traballador. As sancristías eran centros de conspiración política onde se tramaban todol-os atentados á República liberal e democrática. Os católicos verdadeiramente cristiáns eran considerados como adversarios terribles. Tanto que en Galiza foron fusilados ou asasinados, sen ningún xuício, centos de católicos demócratas, incuso algún sacerdote, porque protestaron contra o feito inaudito de que a hampa sarracena — os mouros traídos a Galiza pol-os traidores — chegaran en ademán de conquista deica as pedras sagras que gardan as cinzas do Apóstolo Sant-Iago, na cidade augusta de Compostela a gloriosa Xerusalém de Occidente. E, no catolicísimo País Vasco, as forzas de Franco asenaron a moitísimos sacerdotes, porque, avencellados aos sentimentos democráticos de pobo en que exercen o seu sagro ministerio, estaban espiritualmente a carón do Goberno lexítimo da República e do Goberno autónomo de Euzkadi. Compre decir que a República non fireu os sentimentos relixiosos de ningún cidadán nen aminguou a liberdade espiritual da Eirexa católica. Alí onde a Eirexa estaba compenetrada cos anxeios do pobo mereceu o respecto de todos. Abonda decir que en Euzkadi os actos relixiosos revisten hoxe a solemnidade pública dos mellores tempos, que no actual Goberno hai ministros católicos e que moitos sacerdotes loitan á nosa veira.

¿Quén incirrou aos militares para que se erguesen contra as leis do Estado e contra o Poder constituído? Os cregos e os terratenentes. As tres forzas que afundiron o pobo hespañol na barbarie, na inforanza e na miseria — militarismo, clericalismo e feudalismo — pretenden agora salvar a Hespania da infección comunista!...

Non hai que decir que o pobo hespañol está loitando pol-a liberdade, simplemente pol-a liberdade; pero compre afirmar que aparte dos móbiles inconfesables e sempre egoístas que move aos militares a provocar esta guerra civil, eisiste o móvil «patriótico» creado pol-a concesión das autonomías. O temor de que Catalunya, Euzkadi e Galiza disfrutaran de liberdade levou a decir a Calvo Sotelo — cabeza do movemento feixista — que prefería *España roja a una España rota*.

Creemos que estes antecedentes son indispensables para que os patriotas irlandeses comprendan mellor as nosas queixas.

AS NOSAS QUEIXAS A IRLANDA

As aspiracions autonomistas do pobo galego datan do século pasado e foi Irlanda o espello en que se mirou Galiza. Os nosos poetas románticos, precursores do movemento político, déronlle a Galiza unha concencia racial que nos asemella a vós, pol-o orixe común e pol-o sentido trascendente da vida e da morte. O primeiro home que concretou en doutrina política os sentimentos nacionalistas da nosa Terra era poeta tamén e deixounos esta estrofa que todos repetimos: «¿Como en Irlanda, érguete e anda!» A vosa door repercuteu nos peitos galegos que seguiron, estremecidos de anxeio, paso a paso, a gran odisea de Irlanda. A morte exemplar do Alcalde de Cork agonizou o espírito galego e o retrato do vosa mártir figura nos fogares galeguistas, como exemplo humano das virtudes da raza. O voso trunfo dounos a ledicia de alentar libremente dispois das angurias pasadas. E a compenetración do noso pobo cos vossos sufrimentos e ledicias está de bulto na obra dos escritores e poetas galegos.

Pois ben; agora somos nós, os celtas da Hespania, os que sofremos aldraxes e martirios cando vós xa gozades de liberdade, cando xa podeades presentarvos dinamente no mundo para tomar

parte no concerto dos pobos libres. Galiza está en poder dos militares facciosos porque aínda non dispoñíamos dun Goberno propio e porque as nosas masas campesiñas non tiñan armas para se defenderen. Os facciosos masacraron impunemente ao noso pobo indefenso. Chegan a varios miles os asesinatos que cometeron. Non somentes asesinan homes; matan e aldraxan mulleres. Os militares facciosos ordean fusilamentos sen previa formación de causa, como pode verse nos seus periódicos. Os galegos afiliados a partidos do Frente popular — todos autonomistas — morreron indefensos a man dos feixistas, por orde das autoridades ou asesinados por bandas de foraxidos. Para reconstruír o fogar desfeito non-os queda máis que a reserva dos emigrados en América, que suman a quinta parte da nosa poboación total.

Os chamados «nacionalistas» hespañoles asesinaron a escritores, poetas, pintores, xornalistas, profesores, escolantes, estudantes, funcionarios públicos, obreiros especializados, peritos e técnicos nos problemas agropecuarios. Eran estes nosos mártires outisimo espoñente da renascencia de Galiza, orgullo e gloria da espiritualidade da nosa estirpe céltiga. Antre eles contábanse os tradutores á nosa lingua dos poemas de Yeats e James Joyce.

Pois ben, irmáns de Irlanda: Sabemos que un sector de opinión do voso país, maniféstase en favor dos imperialistas hespañoles, en favor dos que queren conservar unha Hespaña feudal, escravizadora da individualidade humana, sometedora das vellas nacionalidades ibéricas e pol-o tanto da nosa Galiza celta. Comprobamos, con íntima dor, que á veira da paganía do nazismo alemán, que á veira dos mouros mercenarios e dos hampóns do Tercio, violadores de todas as leis humanas e divinas, traidores a todas as Patrias, hai fillos de Irlanda loitando contra nós, contra o Goberno lexítimo da República, representante do pobo hespañol, ou mellor aínda — porque esa é a súa sinificación — representante dos pobos hispánicos. Aos galegos nacionalistas dóinos que algúns compatriotas vosos esquezan as puras tradicións de loita pola liberdade, que foron sempre a mellor gala do pobo irlandés. Esta defección somentes pode explicarse pol-o descoñecimento da verdadeira sinificación da guerra civil hespañola, provocada por uns militares imperialistas sen máis lei que o seu odio á liberdade dos homes e dos pobos.

Nós, deputados da Galiza no Parlamento da República hespañola, elixidos libre e clamorosamente pol-o noso pobo; fundadores do «Partido galeguista»; membros das institucións de cultura que eisen as máis puras esenciais da raza común; seguidores devotos e emociados das vosas loitas pola liberdade, diriximo-vos estas verbas que queren ser queixa e chamamento.

A queixa fica xa eispresada. O chamamento é este:

IRMÁNS IRLANDESES

Ningún irlandés leal a súa Patria pode axudar, nen dentro nen fora dos seus lindeiros, aos imperialistas arrasadores das pequenas nacionalidades. E sabe que as forzas que loitan contra o Poder lexítimo da República hespañola representan o máis bárbaro, cruel e retrógrado dos imperialismos europeos.

Ningún irlandés, que se sinta avencellado á comunidade dos pobos céltas, pode axudar aos militaristas hespañoles, sometedores do pobo de Galiza, outa representación da comunidade céltica na Ibéria. O amor á propia liberdade nacional non pode conducir máis que ao amor ás liberdades nacionais dos demais pobos do mundo; máis aínda se, como ocorre neste caso, ese pobo está unido a unha común tradición espiritual e racial nascida nos abrentes da Hestoria.

Retirade toda axuda aos rebeldes hespañoles. Axudade ao Goberno lexítimo da República hespañola, porque o seu trunfo será o trunfo das nacionalidades ibéricas, entre elas da vosa irmán Galiza.

Pol-a memoria dos miles de irmáns de raza asesinados, e para impedir que seían asesinados moitos máis.

Pídenbolo:

ALFONSO R. CASTELAO e RAMÓN SUÁREZ PICALLO, Diputados galeguistas nas Cortes da República hespañola.

Pregamos á colonia galega de New-York que traduza este manifesto ao inglés e que o faga coñecer aos emigrados irlandeses que residen en Norte-América.

En la diada de Euzkadi

El diputado galleguista señor Castelao ha pronunciado un discurso en la fiesta patriótica que celebraron los vascos el día 28 de marzo en Barcelona. Este discurso ha sido radiado a Euzkadi. He aquí sus palabras:

«Amigos de Euzkadi: Desde esta orilla del Mediterráneo envío primeramente un saludo afectuoso al Excmo. Sr. Presidente del Gobierno vasco — mi viejo amigo y compañero de Diputación —, deseando que su inteligencia, su voluntad y su patriotismo no hallen obstáculos hasta que Euzkadi sea un modelo de pueblos libres, espejo en el que puedan mirarse las demás naciones de Iberia.

Os hablo así porque vosotros sois al mesmo tempo un pobo mártir y heroico. Mi tierra ha dado a la causa antifascista — a la causa de la Democracia y de la Libertad — muchos miles de mártires en el propio territorio, como ha dado también muchísimos héroes en todos los frentes leales de batalla. Galicia está sometida enteramente al yugo del fascismo in-

ternacional, es cierto; pero Galicia — oído bien, amigos vascos — no está vencida. Puedo, pues, hablarlos en nombre de una Patria que pronto será libre, porque aunque se hubiese masacrado a lo mejor y más fuerte de nuestra juventud, aun quedan en el mundo muchísimos gallegos capaces de reconstruir rápidamente el hogar deshecho.

